



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre o réxime urbanístico do solo do núcleo rural

CONVOCATORIA: Xornadas sobre o réxime urbanístico do solo do núcleo rural

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2004
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A nova lexislación galega do solo incorpora no seu articulado unha novidade moi importante como é a regulación do solo de núcleo rural, de extraordinaria repercusión no ámbito urbanístico, dada a especial configuración territorial da nosa Comunidade, facendo unha particular regulación deste e dotándoo dun conxunto de normas que o equipara ás xa coñecidas clasificacións de solo.

Estas xornadas veñen sintetiza-las novidades introducidas e os resultados rexistrados a dous anos da promulgación da Lei do solo galega.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

Persoal da administración local

Cidadanía en xeral

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

-Concepto xurídico do solo de núcleo rural na Lei 9/2002 e diferencias coa lexislación precedente. Modalidades de aplicación do réxime do solo de núcleo rural en municipios con planeamento xeral non adaptado á vixente Lei 9/2002. Distinción do solo de núcleo rural respecto ás restantes clases. Problemas de réxime transitorio.

-Réxime dos dereitos e deberes urbanísticos do propietario de solo de núcleo rural. Réxime de uso, obras permitidas e limitacións da demolición de construcións existentes.

-Réxime de usos permitidos e prohibidos. Problemas de aplicación práctica.

-Condições de edificación no solo de núcleo rural. Análise da documentación esixida nos expedientes de autorización para edificar nos núcleos rurais.

-Réxime xurídico dos plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural.

-Modalidades de obtención de dotacións nos núcleos rurais. Réxime xurídico da cesión de vías e as súas conexións e urbanización.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

ACORUÑA		
LOCALIDADE: A Coruña	INICIO / FIN: 25/02/2004 a 26/02/2004	
NUM. PRAZAS: 230	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
Salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia na Coruña (praza de Pontevedra, s/n, da citada cidade)		